



Concello de Cangas

V SAN SILVESTRE CANGUESA 2016

Cangas, 23/12/2016

No día de onte tivo lugar a presentación da V SAN SILVESTRE CANGUESA – CORRER E ANDAR.

Ao acto acudiron Xoán C. Chillón Iglesias (Concelleiro de Ensino e Deporte) e César Núñez (Presidente do Club Atletismo Morrazo).

A San Silvestre estase a converter nun evento consolidado en Cangas, un evento de carácter popular que terá lugar o sábado 31 de decembro (17:00 horas) e transcorrerá polas rúas urbanas de Cangas (con saída e chegada na Alameda Vella). A recollida de dorsais será a partir das 16:00 horas.

Trátase dun evento de CARÁCTER SOLIDARIO a prol do Comedor Social de Cangas, polo que cada atleta deberá entregar 1 kg de comida con cada inscrición (non perecedeira, e a poder ser aceite, azucre, leite ou cacao). O obxectivo é recoller a maior cantidade de comida posible e superar o éxito da pasada edición con preto de 2000 persoas participantes achegadas dende diferentes puntos da Comarca do Morrazo, e que conseguiron que estes produtos duraran todo o ano no Comedor Social e incluso que unha parte se destinara a Grecia.

A carreira está organizada polo CLUB ATLETISMO MORRAZO e conta coa colaboración da FUNDACIÓN CANGAS DEPORTE, o CONCELLO DE CANGAS e o COMEDOR SOCIAL DE CANGAS.

Dous serán os circuítos:

- CIRCUITO ANDAR (3,5 km): ALAMEDA VELLA – PRAIA DE RODEIRA – ALAMEDA VELLA (17:00 horas).
- CIRCUITO CORRER (3,8 km): ALAMEDA VELLA – RÚAS DE CANGAS – ALAMEDA VELLA (17:15 horas).

Como ven sendo habitual, ao remate do evento celebrarase un sorteo de agasallos entre as persoas participantes e o Comedor Social ofrecerá unha chocolatada acompañada de roscón.



Concello de Cangas

Ademais da dimensión solidaria e humana a intención é a de chegar aos hábitos de vida saudables e ao deporte a persoas de calquera idade, polo que invitamos a toda a veciñanza a acompañarnos neste día.

Gabinete de comunicación